



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Sr. Alcalde

Don José Muiño Domínguez (PP)

Sres. Concelleiros asistentes

Don Carlos Manuel Sande Martínez (PP)

Don Carlos Allo Cundins (PP)

Dona Sheila Recarey Varela (PP)

Dona Begoña Torrado Lema (PP)

Dona Sandra Méndez Blanco (PP),

Dona Miriam Mato Gil (PP)

Don Enrique Díaz Varela (PSdeG-PSOE)

D. Adrián Paredes Ramos (PSdeG-PSOE)

D. Fernando M. Souto Verdes (BNG)

Sres. Concelleiros ausentes
Dona Vanesa Barreira Rama (PSdeG-PSOE)

Secretaría por acumulación

Dona Rosa Ana García Fernández

Interventora

Gema Leal Insua

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 20:30 horas do día vinte e catro de setembro de dous mil quince, reúnese en sesión extraordinaria o Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don José Muiño Domínguez e coa asistencia dos Sres/as Concelleiros/as relacionados/as á marxe, para tratar dos asuntos que configuran a Orde do Día da presente sesión.

Da fe do acto a Secretaría por acumulación desta Corporación, Dona Rosa Ana García Fernández.

Aberta a sesión pola Presidencia, previa comprobación pola Secretaría do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese de seguido a

coñecer dos seguintes asuntos incluídos na seguinte Orde do Día:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Non habendo ningunha alegación que facer á acta da sesión anterior, queda aprobada por unanimidade.

2.- RATIFICACIÓN CONVENIOS.

SECRETARÍA
(A CORUÑA)

o Sr. Alcalde expón brevemente a proposta da Alcaldía neste punto, que consiste na proposta de ratificación dos seguintes Convenios, asinados no seu día pola Alcaldía:

- Convenio co Concello de Camariñas para apoio administrativo con persoal daquel Concello, ante a baixa da auxiliar da Secretaria do concello de Cabana.
- Convenio coa Deputación de Orense para Termalismo Social.
- Adhesión Convenio Marco da Xunta de Galicia e Admon Xeral do Estado para o establecemento dunha oficina integrada de Atención á cidadán.
- Convenio Rede Cultural coa Deputación provincial de A Coruña.

Inicia o debate o portavoz do grupo municipal do PSOE, D. Enrique Díaz, quen manifesta:

“Por qué se fixo un Convenio co Concello de Camariñas para iso e non se contratou a alguén directamente?”

O Sr Alcalde contesta: Foi así realizado por razóns de tempo. Acudir a outro sistema alargaría no tempo o poder contar con alguén para axudar á secretaria e non tíamos tanto tempo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade dos 10 concelleiros/as que de feito o compoñen neste intre, Acorda

Ratificar os seguintes Convenios:

- Convenio co Concello de Camariñas para apoio administrativo con persoal daquel Concello, ante a baixa da auxiliar da Secretaria do concello de Cabana.
- Convenio coa Deputación de Orense para Termalismo Social.
- Adhesión Convenio Marco da Xunta de Galicia e Admon Xeral do Estado para o establecemento dunha oficina integrada de Atención á cidadán.
- Convenio Rede Cultural coa Deputación provincial de A Coruña.





3.- RATIFICACIÓN NOMEAMENTO REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.

O Sr. Alcalde dá lectura á proposta da Alcaldía neste punto.

Sen producirse debate, a Proposta queda aprobada por unanimidade dos concelleiros/as presentes.

4.- RATIFICACION DESIGNACION FESTAS LOCAIS 2016.

O Sr Alcalde explica brevemente a Proposta de Alcaldía neste punto.

Sometido a votación, o Pleno por unanidade dos seus 10 membros presentes, acorda ratificar a designación dos seguintes días como Festas Locais para 2016:

1 de agosto, San Fins

9 de febreiro , Martes de Antroido

5.- DAR CONTA INFORMES ECONOMICOS.

A Sra Interventora, a petición do Sr Alcalde, explica que se da conta ao Pleno dos Informes (comunicacións ao ministerio) de Periodo medio de pago, execucións trimestrais, Líneas fundamentais dos Orzamentos, e aprobación por Resolución de Alcaldía de 19 de marzo 2015 do Plan Orzamentario periodo 2016-2018.

O Pleno queda enterado.

6.- APROBACION CONTA XERAL 2014.

A Sra interventora , a petición da Alcaldía, explica que se somete a aprobación plenaria a Conta Xeral 2014, que foi favorablemente dictaminada pola Comisión informativa correspondente e exposta ao público durante prazo legal sen que se presentasen reclamacións contra ela.

Inicia o debate o Sr Fernando Souto, (grupo mixto-BNG) : "Voi a absterme neste punto toda vez que non formaba parte da Corporación no ano 2014, pero non por outra causa."



Sometido o asunto a votación, por 7 votos a favor do grupo municipal do PP, e as abstención dos integrantes presentes d o g.m. PSOE (2) e do integrante do grupo mixto-Bng, o Pleno acorda aprobar a Conta Xeral 2014.

7.- DAR CONTA INFORMES DO ART 218 TRLFL.

A Sra Interventora explica que según ese artigo debe darse conta ao Pleno das Resolucións de Alcaldía polas que se levantan reparos e que son as que figuran neste punto.

O Pleno queda enterado.

8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DICTADAS POLA ALCALDÍA DO 20 DE MARZO AO 31 DE AGOSTO 2015.

O Alcalde manifesta que se da conta ao Pleno das Resolucións de Alcaldía dictadas entre o 20 de marzo 2015 e 31 de agosto de 2015.

O Pleno queda enterado.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

D. Fernando Seoane, manifesta a súa intención de non formular Rogos nin Preguntas.

O Portavoz do grupo municipal do PSOE, D. Enrique Díaz, intervén seguidamente:

- “Entre as resolucións de Alcaldía figura unha de petición de subvención para obras de mellora doCastro de Borneiro. Foi concedida a subvención?”

O Sr Alcalde, responde: Si, está xa contratada. Había un compromiso da época de Rey Pichel para facer unha intervención nesa zona. A Xunta fixo un proxecto pero eran moitos cartos e quedou ali. A Axencia de Turismo este ano convocou unha línea de axudas e pareceunos ben intentar arranxar unha aprte. Solicitamos que Patrimonio nos cedira o proxecto aquel e pedimos axuda para unas intervencións. Trátase dun contrato menos e foi adxudicado a Excavaciones



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Pose SL.

D Fernando Seoane pregunta si se poiden facer obras por partes ao que a Interventora contéstalle que trátase dunha obra, segundo o informe do técnico, completa e susceptible de ser entregada para o uso.

D.Enrique Días, pregunta a continuación:

-“Concedeuse unha subvención que figura solicitada ao INEGa?”. O Sr Alcalde respóndelle que non, que foi rexeitada.”

Continúa preguntando o portavoz do g.m. PSOE: O estudo enerxético adxudicado a Atomo, está en marcha?

O Sr Alcalde contéstalle : Si, xa fixeron o traballo de campo e agora están a analizar a información. É un estudo complexo que esperamos de boa resultados e poidamos lograr o aforro que con el nos garanten.

D.Enrique Díaz vuelve a intervir: O seguro do tren turístico costa 8000 €? Os outros concellos non pagan algo cando se lles deixa?.

A Interventora aclara que ese é o prezo do seguro de R.C. e que o do tren é menos.

O Alcalde aclara que os outros concellos non pagan nada meses casos.

D.Enrique Díaz pregunta se o equipamento dos parques infantis xa está rematado ao que o Sr Alcalde contesta que o bio-saudable está xa colocado e a piques de rematar co resto.

D. Enrique Días pregunta sobre o coste das becarias para o concello e lle explica o sr Alcalde que o Concello paga a FEUGA una cantidade de aprox 600E, 500 dos cales son para as alumnas becadas, que manifesta “fan un bo traballo”.

D. Enrique Díaz interesase a continuación pola limpeza da Praia de Rebordelo ao que o Sr Carlos Allo responde que foi limpada en dúas ocasións.



E non habendo mais asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as 20:50 horas, da que se estende a presente acta de tódolos asuntos debatidos e aprobados, do que eu, Secretaria, dou fe e certifico.

O ALCALDE

Asdo. José Muñoz Domínguez



A SECRETARIA POR ACUMULACIÓN

Asdo. Rosa Ana García Fernández

